

O XOGO DA INDIACA

1.- A INDIACA




A indiacca é unha base de goma espuma recuberta ou non por coiro para que dure máis á que se unen 4 plumas de 20cm. de lonxitude.

2.- OBXECTIVO DO XOGO

O xogo consiste en lanzar a indiacca coa palma da man por riba da rede, tratando que caia no chan do campo contrario, antes de que o equipo contrario a devolva do mesmo xeito ao noso campo.

3.- CAMPO DE XOGO

É un rectángulo das mesmas medidas que o campo de bádminton.



4.- REGLAS DO XOGO

- 1.- **NÚMERO DE XOGADORES:** OS EQUIPOS ESTÁN FORMADOS POR 2 XOGADORES/AS.
- 2.- **NÚMERO DE SETS:** XÓGASE, COMO MÁXIMO, 3 SETS. SE UN EQUIPO GAÑA DOUS SETS SEGUIDOS, REMATA O PARTIDO. SE CADA EQUIPO GAÑA UN SET, HAI QUE XOGAR O TERCEIRO SET.
- 3.- **NÚMERO DE PUNTOS EN CADA SET:** XÓGANSE 15 PUNTOS EN CADA SET. SE HAI EMPATE 14-14, O EQUIPO QUE PRIMEIRO CHEGOU A 14 PUNTOS PODE DECIDIR SEGUIR A 15 OU XOGAR 3 PUNTOS MÁIS.
SE HAI QUE XOGAR O 3º SET, CADA EQUIPO PUNTÚA CANDO GAÑA E SEGUE CO SAQUE OU RECUPÉRAO SE NON O TIÑA E O SISTEMA DE PUNTUACIÓN É O MESMO.
- 4.- **COMEZO DO XOGO:** SORTÉASE O SAQUE E O CAMPO.
- 5.- **NÚMERO DE GOLPES:** UN MÁXIMO DE DOUS GOLPES(UN CADA XOGADOR/A) COAS MANS PARA DEVOLVER A INDIACA AO CAMPO CONTRARIO. SE A INDIACA É GOLPEADA CO PÉ, PODEN DARSE OS GOLPES QUE SE QUEIRAN ATA QUE SEXA TOCADA COA MAN.
- 6.- **O SAQUE:**
 - Cada equipo dispón dun só saque.
 - Sacará @ xogad@r par se a puntuación é cero ou par, desde o lado dereito.
 - Sacará @ xogado@ impar se a puntuación é impar, desde o lado esquerdo.
 - Recibirá o saque @ últim@ xogador/a que sacou, situándose na diagonal d@ xogador/a que saca.

7.- **PARA MARCAR PUNTO:** HAI QUE ESTAR EN POSESIÓN DO SAQUE E GAÑAR. SE UN EQUIPO SACA E PERDE, NON HAI PUNTO PARA NINGÚN EQUIPO, E O EQUIPO CONTRARIO SÓ RECUPERA O SAQUE. **ISTO NON É ASÍ NO 3º SET OU SET DEFINITIVO.**

8.- **INDIACA QUE CAE NA LIÑA:** CONSIDÉRASE DENTRO DO CAMPO

9.- **CAMBIO DE LADO NO CAMPO:** CÁMBIASE DE LADO AO REMATE DE CADA SET. SE HAI QUE XOGAR O 3º SET, CÁMBIASE DE LADO CANDO UN EQUIPO CONSIGA 8 PUNTOS.

10.- **SAQUE INICIAL:** É O SAQUE QUE SE REALIZA AO COMEZO DE CADA SET. NO 1º SET, SORTÉASE. NO 2º SET, SACA O EQUIPO QUE NON SACOU NO 1º SET. SE HAI QUE XOGAR O 3º SET, VÓLVESE A SORTEAR.

11.- **FALTAS:** CONSIDÉRANSE FALTAS AS SEGUINTE ACCIÓNS

- Cando a indiacca cae ao chan.
- Se a indiacca non pasa por riba da rede.
- Cando un equipo golpea a indiacca no campo contrario (invasión).
- Cando un equipo golpea máis de dúas veces seguidas a indiacca coa man.

5.- HISTORIA DO XOGO DA INDIACA



En toda América do Sur este tipo de xogos con volantes son moi comúns e veñen da antiga civilización Inca.

En Brasil o xogo chámase “Peteka” e os indios brasileiros fabricaban a indiacca cunha base formada por un saquiño de coiro cheo de terra ao que suxeitaban plumas de cores, pegadas e atadas.

En Europa, a indiacca foi introducida no ano 1936 en Alemania por un profesor de Educación Física chamado Krohn. Este profesor cambiou a base e o tipo de plumas: empregou como base unha peza de goma espuma e incrustoulle catro plumas sintéticas de cor vermello. Tamén creou o nome de indiacca e cambiou as normas do xogo, que pasaron a parecerse ao xogo de bádminton, para darlle máis emoción e rapidez.

6.- CARACTERÍSTICAS DO XOGO DA INDIACA

- É un xogo de golpeo, é dicir, que para o seu control empréganse as palmas da man para golpear.
- O deseño da indiacca fai que o seu vó sexa moi lento, polo que é un xogo asequible para a meirande parte das persoas.
- O xogo da indiacca obriga a usar indistintamente as dúas mans para golpeala: se a indiacca chega pola dereita golpéase con esa man e se chega pola esquerda, golpéase coa man esquerda.
- O nivel de risco neste xogo é mínimo, xa que non hai contactos físicos por estar a rede polo medio e por ser a indiacca lixeira e dun material brando.
- Aínda que a indiacca se pode golpear cos pes, debemos evitar este tipo de golpes e só facelo cando non a podemos controlar coas mans, xa que os golpes coas mans son máis precisos.